



Diciembre

Entrada libre

15

Jueves

19.30 h.

Conferencia - Coloquio

Sala de Conferencias del Teatro Afundación (Policarpo Sanz, 13)

Unha sanidade pública de vangarda para Vigo

Presenta



Laura Quintas

(presidenta da Asociación Galega de Hemofilia)

O proceso integral de reordenación hospitalaria acometido na área de Vigo con motivo da apertura do hospital público Alvaro Cunqueiro representa o maior proceso de transformación sanitaria que se ten acometido en España nos últimos anos. A grande mellora estrutural, a enorme renovación tecnolóxica, e a aposta por unha asistencia centrada nos pacientes e complementada por unha investigación e docencia

Intervén



Félix Rubial

(xerente da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo)

cxencia puxantes, proporcionan á nosa área un marco privilexiado para continuar afianzando a calidade dos servizos sanitarios. Todo isto, fundamentado na excelente capacitación e no compromiso dos nosos profesionais, tanto na atención hospitalaria coma na atención primaria, sitúa á sanidade pública viguesa nunha posición de vangarda para asumir os retos presentes e futuros no coitado da saúde da nosa cidadanía. Deste tema falará o xerente da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo, Félix Rubial. Médico especialista en medicina preventiva y salud pública, Félix Rubial leva toda a súa vida profesional traballando na sanidade pública de Galicia. Ten asumido funcións directivas no ámbito asistencial en distintos hospitais de Galicia (Hospital da Costa, Complexo Hospitalario Xeral-Calde, Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, e Hospital Universitario Lucus Augusti). Foi director xeral de asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde e dende abril de 2015 é o Xerente da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo. Como feito singular da súa bagaxe hai que dicir que participou activamente no proceso de traslado e apertura de tres hospitais galegos: En 1999 na apertura do Hospital Clínico Universitario de Santiago, como médico de Admisión, en 2010 na apertura do Hospital Universitario Lucus Augusti dende o cargo de director médico, e finalmente, en 2015 na posta en marcha do Alvaro Cunqueiro e na reordenación integral da atención hospitalaria na área de Vigo, como máximo responsable.

16

Viernes

20 h.

Conferencia - Coloquio

Auditorio Municipal do Areal (Areal, esquina Oporto)

Nós, as irmandades da Fala

Nacidas as Irmandades da Fala -18 de maio de 1916- como entidade cultural, o certo é que ás conferencias, romarías... se viñeron sumar axiña as actividades de signo político: así, en novembro de 1918 tivo lugar en Lugo a Primeira Asemblea Nacionalista cuxo manifesto-programa veu constituír o texto programático básico do galeguismo/nacionalismo, un documento vixente, en certos apartados, deica aos nosos días. Mais cal vén ser o verdadeiro legado das Irmandades da Fala? Cal devén a súa adscrición ideolóxica e mais a súa deriva? Destas e doutras cuestións trata o novo volume da "Historia da literatura galega (III): 1916-1936", recentemente publicado por Edicións Xerais, do escritor e profesor Xosé Ramón Pena.

Presenta



Román Raña

(escritor e poeta)

Intervén



Xosé Ramón Pena

(escritor; doutor en Filoloxía; asesor literario de Faro da Cultura)



* El acceso a la sala es libre hasta completar el aforo.

Club FARO DE VIGO

Policarpo Sanz, 22 986 434 900



Diciembre

Entrada libre

Sala de Conferencias del Teatro Afundación (Policarpo Sanz, 13)

Conferencia-Proyección-Coloquio

15

Jueves

19.30 h.

Unha sanidade pública de vangarda para Vigo



Félix Rubial

Presenta

Laura Quintas

(presidenta da Asociación Galega de Hemofilia; responsable da Comisión sociosanitaria de COGAMI)

Intervén

Félix Rubial

(xerente da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo)



* El acceso a la sala es libre hasta completar el aforo.